

BASES COMPETICIÓN

COPA GALICIA TEMPADA 2026-2027

SÉNIOR FEMININA

EQUIPOS PARTICIPANTES:

Nesta competición participan os cinco equipos que na tempada 2025/26 competiron na División de Honra Ouro e Prata Feminina e os tres equipos mellor clasificados da 1ª Autonómica.

CATEGORÍA	EQUIPO
División de Honra Ouro Feminina	AD. Carballal
División de Honra Prata Feminina	Helvetia Saeplast Cañiza
División de Honra Prata Feminina	SAR Rodavigo
División de Honra Prata Feminina	Inelsa Solar Asmubal Meaño
División de Honra Prata Feminina	Indupor Bm. Porriño
1ª Autonómica Feminina	Planciber Seis do Nadal - Coia
1ª Autonómica Feminina	A.D. Carballal B
1ª Autonómica Feminina	Tesol Lavadores Vigo

FORMATO DE COMPETICIÓN:

Todos os equipos participantes entrarán nunha eliminatoria de cuartos de final, sendo cabezas de serie e indo por diferentes partes do cadro os catro equipos mellor clasificados na tempada 25-26 de División de Honra Ouro e Prata, o resto de equipos serán encadrados por orde de clasificación na eliminatoria de cuartos; os encontros sempre se disputarán na sede do equipo de menor categoría ou peor clasificados na tempada 2025/26.

CUARTOS (15/16 de agosto 2026)		
ELIMINATORIA	LOCAL	VISITANTE
CUARTOS 1	Tesol Lavadores Vigo	AD. Carballal
CUARTOS 2	A.D. Carballal B	Helvetia Saeplast Cañiza
CUARTOS 3	Planciber Seis do Nadal - Coia	SAR Rodavigo
CUARTOS 4	Indupor Bm. Porriño	Inelsa Solar Asmubal Meaño

SEMIFINAIS (22/23 de agosto 2026)		
ELIMINATORIA	LOCAL	VISITANTE
SEMIFINAL 1	Gañador Cuartos 1	Gañador Cuartos 4
SEMIFINAL 2	Gañador Cuartos 2	Gañador Cuartos 3

FINAL (30 de agosto 2026)			
ELIMINATORIA	LOCAL	VISITANTE	HORARIO
FINAL	Gañador Semifinal 1	Gañador Semifinal 2	11:00

As semifinais xogaranse no mesmo formato que os cuartos de final e realizarase un sorteo para decidir os equipos locatarios nesta rolda.

A final xogarase nunha sede designada pola Federación Galega de Balonmán, coincidindo coa final da Copa Galicia Masculina.

ARBITRAXES:

Nos cuartos de final e semifinais, os gastos de desprazamento e dietas do equipo arbitral, serán aboados polo club locatario.

CRITERIOS DE DESEMPATE EN TODAS AS ELIMINATORIAS:

NOREBA-GA

CONSIDERACIÓNS IMPORTANTES:

- A participación na Copa e Supercopa Galicia será de carácter obrigatorio para todos os clubs implicados; no caso de que calquera club renuncie a participar ou realice calquera acto que adultere a competición (acudir co equipo filial, non presentarse a algún encontro, pactar resultados, etc...), a FGBm informará á Secretaría Xeral Para o Deporte para que se tomen as medidas oportunas, ademais, calquera desas dúas circunstancias implicarán a mesma sanción que a retirada dun equipo en calquera competición oficial, a sanción será emitida polo Comité de Competición da FGBm.
- Seguro Deportivo obrigatorio entrará en vigor o 1 de Agosto de 2026, todos os xogadores/as e staff deberán ter o seguro correctamente tramitado para a disputa desta competición, de non ser así o encontro terá o mesmo efecto que unha incomparecencia.